


ZAMÁNS

ÁREA ETNOARQUEOLÓXICA



A parroquia de Zamán, situada no sur do concello, aos pés dos montes do Galiñeiro, recibe o seu nome do río que a cruza. Coas cotas máis altas de todo o val do Fragoso, con 705 m de altura, linda polo norte coas parroquias de

Valadares, Beade e Bembrive, e cos concellos de Mos, O Porriño e Gondomar polo leste e sur. Segundo os datos dos censos recentes é a parroquia con menos habitantes de Vigo, con 761 veciños e veciñas.



CONXUNTO ARQUEOLÓXICO DO CAMPUS UNIVERSITARIO

Ao igual que acontece en Candean, nos planaltos de Zamán que limitan con Bembrive e o concello de Mos, atopamos diversos cemiterios de época megalítica, como son o caso dos grupos do Alto de San Cosme, Beiras Longas ou a Sobreira.

- PANEL INFORMACIÓN XERAL
- BEN CULTURAL

AS MÁMOAS

No contorno do Campus Universitario localízase a necrópole de “Monte das Pedreiras”, formada por catro tumbas, entre as que destaca a Mámoa III, con máis de 2,5 m. de altura. Nelas nunca se realizou unha intervención arqueolóxica que permitise precisar a súa cronoloxía, pero polo grande tamaño da citada podemos pensar que se corresponden cos momentos centrais do Megalitismo, a mediados do IV Milenio a.C.

Ao igual que o conxunto funerario de Candeán, estas mámoas contarían cun montículo de terra ou túmulo que cubriría a cámara funeraria, onde se depositaban aos mortos co seu enxoval. No interior da cámara funeraria, os defuntos adoitaban estar acompañados dun enxoval composto por obxectos que, suponse, poderían serlle de utilidade no alén, como cuncas para comer ou beber, frechas, pequenos obxectos traballados en pedra...

MONTE DAS CABANAS

Entre a Facultade de Industriais e a de Ciencias atópase o xacemento da Idade do Bronce de “Monte das Cabanas”, escavado entre os anos 2001 e 2005. Cronoloxicamente podémolo situar entre o 1200-1000 anos a.C., nun momento coñecido en arqueoloxía como Bronce Tardío. Nel se atoparon numerosas fosas escavadas no xabre que foron empregadas como silos. Dentro delas, ademais de sementes apareceron restos de materiais de moenda e de vasillas de almacenaxe.

A pesar da súa proximidade (400 m.) ás mámoas, este xacemento pertence a unha cultura moi diferente da megalítica, coincidente no espazo pero uns 2.000 anos máis nova.

CULTURA POPULAR

Conta a lenda que no lugar da actual Residencia Universitaria había unha pedra chamada da Raposa. Estaba oca por dentro o que era atribuído á raposa, que fixera aí o seu tobo.


Un pouco máis arriba, en Vilariño, fontes orais falan dun encanto. Unha muller de longos cabelos pousábase no rompente do sol a peitearse. Se alguén a atopaba, habíalle que dicir unhas palabras. Unha vez pronunciadas, logo aparecía unha gran serpe. O animal enroscábase nun e, se non mostraba medo, o encantamento desfacíase. Entón desaparecía a serpe e a moura, e aparecía o seu tesouro.



MÁMOA III DE MONTE DAS PEDREIRAS



PEDRAS CONSERVADAS DA CÁMARA FUNERARIA DA MÁMOA II



RECREACIÓN DO ENTERRAMENTO DUNHA MÁMOA




XACEMENTO MONTE DAS CABANAS



VASILLA DE ALMACENAXE DO BRONCE


ROTEIRO ETNOGRÁFICO DOS MUÍÑOS DE ZAMÁNS

No contorno do río Vilaza atópase un valioso legado etnoográfico que garda unha estreita relación coa auga: un conxunto de muíños con dúas pontellas e un vello lavadoiro, na actualidade parcialmente mergullado baixo as augas do encoro, desde que se inaugurou a mediados do século pasado.



MUÍÑO E PONTELLA DO BENTO

Os muíños hidráulicos supuxeron un gran avance tecnolóxico dende o século XI ao mellorar o proceso de moenda para a elaboración de faríña, materia prima indispensable para a elaboración do alimento máis básico das sociedades campesiñas tradicionais: **o pan**, polo que historicamente sempre tiveron grande significación dentro mundo rural galego, tanto no eido económico como no das relacións sociais.



De feito, foron unha inesgotábel fonte de inspiración **para cantigas, ditos e contos** ademais de inspiradores para a danza e música tradicionais (recordemos a muiñeira). A xente ía ao muíño co froito da súa colleita e, mentres moían dedicábanse á conversa e á troula, o que se coñece co nome de muiñadas. Xeralmente celebrábanse pola noite e a elas acudía sobre todo a mocidade.

Este conxunto, formado polos muíños do **Bento, Novo, do Quenllo, de Soloeido de Arriba e Soloeido de Abaixo**, era o máis importante da parroquia, aos que se acudía incluso desde a veciña Valadares e aos que hai que sumar catro muíños máis mergullados baixo o encoro: o **do Viveiro, da Cavadiña, do Campo e o de Parada**. Neles moíase, sobre todo,

milho, principal sustento da ampla cabana de vacún da parroquia.

Despois deste conxunto, o roteiro levaranos seguindo parte do **Camión Real** -que comunicaba Tui e Vigo, hoxe chamado **“Camión do Regueiro do Forno”** e case todo baixo as augas- até o encoro de Zamáns, que percorrерemos pola súa beira até chegar aos restos medio asolagados do muíño de Viveiro.


A lagoa artificial que forma o encoro serve de área de cría para aves acuáticas como o alavanco real e de inverno para as garzas reais. Baixo ela fica mergullada a ponte da Retorta e as “Costas Boas”, nome co que se coñecían os mellores **pasteiros** de Zamáns, onde se dicía que pastaban ate 200 vacas no verán.



*“unha noite no muíño
unha noite non é nada,
unha semana enteira
esa si que é muiñada”*



MUIÑO MERGULLADO DO VIVEIRO



ALAVANCO

BIBLIOGRAFÍA

-CARBALLO ARCEO, X., LUACES ANCA, J. e TOSCANO NOVELLA, C. (1998). *Catálogo do Patrimonio Arqueolóxico. Arqueoloxía de Vigo e a súa Historia*; nº 2. Concello de Vigo.
-COSTAS GOBERNA, J.B. e GROBA GONZÁLEZ, X. *Os petróglifos do Matixo (Vigo e Nigrán)* (1996). El Museo de Pontevedra, XLVIII.

-PATIÑO GOMEZ, R. (1987). *La cultura megalítica en el valle del Frigoso (Vigo)*. *Pontevedra Arqueológica-II*; Publicación del Grupo de Arqueología “Alfredo García Alén”.
-PILAR LÓPEZ NOYA (coord.). *Os muiños*. Museo do Pobo Galego/Departamento de Educación e Acción Cultural.

-Catastro Enseada. *Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra*. C.633, L. 749.
-Catálogo de bens arqueolóxicos e etnográficos da Concellería de Patrimonio Histórico do Concello de Vigo.
-www.zamans.net/Imaxes/Muiños\MuiñosDeZamans.htm